


XXXVII

GALIZIAKO EGUNA DÍA DE GALICIA EN EUSKADI



VITORIA GASTEIZ

Ekainak 26, 27 y 28 de junio Plaza de los Fueros

IRMANDADE DE CENTROS GALEGOS EN EUSKADI

XXXVII Día de Galicia en Euskadi

Venres, 26 de xuño

- 20:00 h. Inauguración do XXXVII Día de Galicia en Euskadi.
- 20:30 h. Animación de gaiteros no recinto festivo.
- 22:30 h. Concerto de **Mondra**.



Sábado, 27 de xuño

- 12:00 h. Exhibición de Danza Vasca a cargo de **Algara Dantza Taldea**.
- 13:00 h. Herri Kirolak.
- 18:00 h. Cantos de Taberna a cargo de **Rebuldaina** do Centro Galego de Barakaldo.
- 19:30 h. Concerto de **Xukelak - Hala Dzipo**.
- 22:00 h. Gran Queimada Popular.
- 22:30 h. Concerto de **Monoulious DOP**.

Domingo, 28 de xuño

- 11:30 h. Recepción dos produtos do concurso gastronómico (empanada, filloa e tortilla).
- 11:30 h. Pasarrúas a cargo dos grupos das Casas de Galicia que forman parte da Irmandade de Centros Galegos en Euskadi.
- 12:30 h. Acto Institucional:
 - Pregón a cargo de **Adrián Méndez Fernández**.
 - Entrega da **Anduriña de Prata a Hala Dzipo Herri Musika Eskola**.
 - Imposición da **Insignia de Ouro da Irmandade a M^a Pilar Rodríguez Villar**.
 - Intervención das autoridades presentes.
 - Entrega de premios dos concursos de fotografía, poesía e gastronomía.
- 18:00 h. Festival folclórico a cargo dos grupos de gaita e danza das Casas de Galicia en Euskadi.
- 20:30 h. Clausura do XXXVII Día de Galicia en Euskadi.

Durante toda a fin de semana haberá un posto de polbeiro e unha panadaría para a venda de produtos galegos.

Adrián Méndez Fernández– Pregoeiro do Día de Galicia en Euskadi 2026



Bilbao, 1996. Nace en Basurto e comeza no mundo da música aos 14 anos no Centro Galego de Bilbao da man de Eder Villate. Despois dun ano, trasládase a Santurtzi ata marchar a Oviedo para cursar os estudos de Musicoloxía. Desde entón mantén tamén unha estreita vinculación coa Fonsagrada, a terra dos seus pais.

No ano 2021 realiza unha estancia Erasmus en Lisboa e gradúase en 2022 en Musicoloxía, obtendo a máxima cualificación (10) no seu Traballo Fin de Grao. No ano 2015 funda as asociacións culturais Petapouco e Destempo co obxectivo de organizar a Foliada da

Fonsagrada e outros eventos, entre eles o Cido Mestre Mateo. A Foliada, tras sete edicións, foi galardoada co Premio Martín Códax da Música na categoría de festivais de Galicia. Compaxina os estudos e o traballo coa investigación etnomusicolóxica da comarca da Fonsagrada, publicando en 2025 o seu primeiro libro, O violín que trae o vento. Ademais, imparte clases de baile tradicional en diversas asociacións culturais da provincia de Lugo. É tamén membro fundador do grupo folk De Ninghures, co que publicou os discos AQUI (2022) e FEIRA (2025). Neste ano 2026, De Ninghures acadou o Premio MIN ao Mellor Álbum de Galicia e, no ámbito audiovisual, o Premio Mestre Mateo polo documental 360 curvas. O seu nomeamento como pregoeiro reconece unha traxectoria exemplar que combina investigación, creación artística e un firme compromiso coa difusión e posta en valor da cultura galega.

HALA Dzipo Herri Musika Eskola –Anduriña de Prata 2026



A Asociación Cultural Hala Dzipo é unha entidade fundamental no tecido social e cultural de Barakaldo, fundada en 1989 co propósito de preservar, potenciar e difundir o folclore vasco.

Ao longo dos seus máis de trinta anos de traxectoria, consolidouse como un espazo de referencia grazas á súa escola de música popular —onde se ensina a tocar instrumentos tradicionais como a txalaparta, a trikitixa ou o txistu— e á súa intensa actividade de animación na rúa. Porén, a súa identidade vai moito máis alá das fronteiras locais: o verdadeiro corazón de Hala Dzipo late na súa sólida rede asociativa,

no seu firme compromiso coa interculturalidade e na súa relación con outras entidades.

Entenden a música e a tradición como pontes para o diálogo e o enriquecemento mutuo, integrando na súa escola instrumentos e linguas doutras terras, compartindo espazos con diversos colectivos e promovendo o respecto cara a todas as identidades que conviven na nosa comunidade.

M^a Pilar Rodríguez Villar –Anduriña de Ouro 2026



Natural de Sestao (Bizkaia), M^a Pilar Rodríguez Villar dedicou boa parte da súa vida ao asociacionismo galego en Euskadi. Vinculada desde a súa mocidade á Agrupación Hijos de Galicia de Sestao, asumiu responsabilidades directivas ata converterse en presidenta da entidade, cargo que continúa desempeñando na actualidade.

O seu compromiso coa comunidade galega estendeuse á Irmandade de Centros Galegos en Euskadi, da que foi secretaria e posteriormente presidenta durante máis de vinte anos.

Baixo a súa dirección consolidouse o Día de Galicia en Euskadi e

impulsáronse numerosas iniciativas culturais, gastronómicas e sociais. Así mesmo, formou parte da Comisión Delegada do Consello das Comunidades Galegas, representando aos centros galegos do exterior. A Anduriña de Ouro reconece unha traxectoria exemplar de dedicación, servizo e defensa da cultura galega.